

**PORTAS****A N U N C I O**

Aprobado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada o día 24 de setembro último, o proxecto “Obras de Urbanización en Castro e San Roque-Briallos (Portas)” por importe de 522,233,61€; expónse ao público por prazo de vinte días (20 días), para o seu exame e reclamacións.

Portas, a 24 de setembro de 2010.—O Alcalde, Roberto Vázquez Souto. **2010010316**

\* \* \*

**RODEIRO****E D I C T O**

De conformidade co previsto nos artigos 59 e 60 da Lei 30/1992, do 26 de decembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, faise público para xeral coñecemento que o Pleno deste Concello, na sesión ordinaria celebrada o día 24 de abril de 2010, acordou o establecemento do prezo público pola prestación de servizos e actividades educativas do Concello de Rodeiro, co contido que se establece na ordenanza anexa.

Contra dito acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo nos prazos e forma establecidos na Lei reguladora de dita Xurisdicción.

**A N E X O****ORDENANZA****ARTIGO 1.º.—Fundamento legal e réxime xurídico**

No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7 / 85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 127 e 41 e 47 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL) e os artigos 41 a 47 do TRLRFL, o Concello de Rodeiro establece o prezo público pola prestación de servizos e actividades educativas.

**ARTIGO 2.º.—Concepto**

O prezo público regulado nesta ordenanza constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que se satisfará polos usuarios que sexan beneficiarios de servizos e actividades educativas municipais, dentro das cales se inclúen:

1. Programa de apertura do CPI fóra de horario lectivo: programa que ten como obxectivo fundamental colaborar na conciliación da vida familiar e laboral das familias, así como potenciar e reforzar as capacidades e habilidades dos menores do Concello.
2. Actividades de reforzo educativo dirixidas a desenvolver as capacidades e destrezas das rapazas e rapaces co obxectivo de mellorar o rendemento académico, potenciar a adquisi-

ción de competencias en diferentes ámbitos de desenvolvemento e con iso traballar para a diminución do fracaso escolar.

3. Actividades formativas e de educación en habilidades e valores dirixidas tanto a menores como á poboación adulta.

**ARTIGO 3.º.—Obrigados ao pago**

1. Están obrigados ao pago do prezo público as persoas físicas, xurídicas ou entidades que se beneficien dos servizos e actividades contemplados no artigo 2º desta ordenanza.

2. Se os usuarios do servizo gravado por esta ordenanza son menores de idade que non teñen capacidade de obrar, actuarán no seu nome, cos efectos previstos na lei xeral tributaria, os seus pais, titores ou representante legal.

**ARTIGO 4.º.—Contía**

A contía virá determinada pola aplicación dos prezos máximos fixados e, tendo en conta, no seu caso, os coeficientes reductores que se establezan. A contía será unha cantidade fixa e calcularase en base ao número de horas nos que a persoa se matricule no servizo ou actividade, conforme ao seguinte cadro de prezos:

**CADRO DE PREZOS****Servizos e actividades regulares  
(período superior a un mes)**

<i>HORAS</i>	<i>PREZO</i>
1-40 horas mensuais	20 € mensuais
Máis de 41 horas mensuais	40 € mensuais

**SERVIZOS E ACTIVIDADES PUNTAIS  
(PERÍODO INFERIOR A UN MES)**

<i>HORAS</i>	<i>PREZO</i>
1-15 horas totais	5 € actividade
16- 30 horas totais	10 € actividade
Máis de 31 horas totais	20 € actividade

Sobre estes prezos aplicarase o importe do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) no suposto de ser legalmente esixible.

**ARTIGO 5.º.—Reducións e exencións**

1. Segundo as circunstancias da unidade familiar, faranse os seguintes descontos:

- a) 25% de desconto no caso de matriculación do segundo irmán ás mesmas actividades ou servizos. O terceiro irmán e seguintes quedarán exentos.
- b) 25% de desconto no caso de menores que pertencen a unidade familiar monoparental.
- c) 25% de desconto no caso de familias numerosas.
- d) 75% de desconto en rendas per cápita mensuais inferiores á metade do Salario Mínimo Interprofesional. No cálculo da renda per cápita mensual teranse en conta os ingresos dos seis últimos meses.

2. Defínese a unidade familiar como a formada polos cónxuxes non separados legalmente e, no seu caso, os fillos e fillas menores con excepción dos que, con consentimento dos pais, vivan independentes destes, e os fillos maiores de idade e menores de 26 anos e os incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada ou os así declarados pola administración autonómica competente.

Nos casos de separación legal ou cando non exista o vínculo matrimonial a unidade familiar estará formada polo pai ou a nai e tódolos fillos e fillas que convivan con ou con outro e reúnan os requisitos descritos no parágrafo anterior.

3. Enténdese por renda per cápita mensual o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar o cociente resultante de dividir por 12 a suma de tódolos ingresos da unidade familiar.

4. Os anteriores descontos serán acumulables na mesma persoa ata un máximo do 75% de desconto.

5. As persoas interesadas en beneficiarse destes descontos deberán solicitalo aportando a correspondente documentación. Estes documentos entregaranse ao realizar a inscrición no servizo ou actividade e poderán ser requiridos polo Concello sempre que se considere oportuno.

6. Establécese unha exención do pago do prezo público, de forma extraordinaria e temporal, para aquelas persoas en condicións económicas precarias, previa achega documental, informe técnico favorable expedido polos servizos sociais municipais e aprobación da súa solicitude na Xunta de Goberno Local do Concello. Estas persoas que queden exentas temporalmente do pago do prezo público do servizo, comprometeranse a notificar ao Concello calquera cambio na súa situación económica.

#### *ARTIGO 6º.—Obriga de pago e prazos de pago*

1. A obriga de pago xurdirá, con carácter xeral, cando se inicie a prestación dos servizos ou actividades correspondentes, e cando estes teñan un carácter periódico, o día primeiro de cada mes en que se presten os servizos.

2. A recadación do prezo público practicarase, no caso de servizos e actividades periódicas, por meses naturais e deberana aboar os matriculados nos dez primeiros días de cada mes, na entidade ou entidades financeiras que indique o Concello. En calquera momento o interesado terá a posibilidade de domiciliar os recibos.

3. No caso de actividades ou servizo puntuais, a recadación do prezo público realizarase no momento de matriculación nos mesmos.

4. A non asistencia do usuario/a ás actividades durante un período determinado non supón redución ningunha, nin extinción do prezo, mentres non se formalice a baixa correspondente.

#### *ARTIGO 7º.—Procedemento de constrinximento*

As débedas polo non pagamento dos prezos contemplados nesta ordenanza municipal esixiranse

polo procedemento de constrinximento de acordo co disposto nos artigos 10.1 e 46.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais.

#### *ARTIGO 8º.—Requisitos*

O Concello poderá establecer condicións ou requisitos que deben reunir os participantes para poder matricularse no servizo ou actividades a desenvolver, así como, as normas de desenvolvemento das mesmas, aplicando a suspensión temporal ou definitiva ós participantes que as incumpran segundo a gravidade do incumprimento.

#### *ARTIGO 9º.—Delegacións*

No suposto de que resulte necesaria a modificación ou actualización dos prezos especificados na presente ordenanza, délegase na Xunta de Goberno Local, conforme os artigos 47 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 23.2 b) da Lei 7/85, de 2 de abril, a actualización ou modificación dos mesmos, a proposta do servizo técnico correspondente co previo informe do Interventor municipal.

#### *Disposición derradeira*

A presente ordenanza entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e manterá a súa vixencia indefinidamente en tanto non sexa modificada ou derogada expresamente.

Rodeiro, 3 de maio de 2010.—O Alcalde, José B. Vence Deza.—O Secretario, José M<sup>a</sup> Novo Ramos.

**2010010062**

\* \* \*

## **REDONDELA**

### **A N U N C I O**

O Concello Pleno, en sesión de data 6 de xullo de 2010, aprobou a modificación dos Artigos 87.1.g) e 87.2.h), do Regulamento do Servizo Municipal de Abastecemento e Saneamento de Redondela, coa finalidade de facer máis clara a descrición da infracción tipificada nos mesmos.

Sometida ao trámite de información por prazo de trinta días, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 150, de data 6 de agosto, non se formulou reclamación algunha, quedando ditas modificacións aprobadas definitivamente, sendo a redacción de ámbolos dous artigos, como sigue:

- Artigo 87.1.g) Non realizar a conexión ao abastecemento cando se cumpre o establecido nos artigos 11 ou 12.5.
- Artigo 87.2.h) Non realizar a conexión ao saneamento cando se cumpra o establecido nos artigos 44.1 e 12.5.

Redondela, 20 de setembro de 2010.—O Alcalde, Xaime Rei Barreiro.

**2010010231**